



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
04.12.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 04.12.2020

HORA DE COMEZO: 12:15

HORA DE REMATE: 13:20

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Casares Mouriño, Francisco Javier
Castro Mouzo, Mercedes
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Garrido Valenzuela, Javier
González Piñeiro, Manuel
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Souto García, Raquel María
Vázquez Reboredo, Ana Isabel
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Figueroa Vila, José Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Cebro Rodríguez, Xoán
Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O venres, 4 de decembro de 2020, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.09.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, sobre datos de matrícula, iniciativas e obxectivos para os seguintes cursos.

Propostas, acordos e informes da Comisión Executiva (sesión do 21 de outubro de 2020)

5. Aprobación, se procede da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación para o curso 2020/2021.
6. Outros asuntos. Taxas e Memorias finais de títulos propios.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 18 de novembro de 2020)

7. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums para o ano 2021, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.
8. Aprobación, se procede, da edición impresa, en galego e castelán, do estudo "Impacto laboral da primeira onda da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo". Traballo feito dentro do Observatorio de Egresados.
9. Outros asuntos. Axudas e patrocinios.
10. Información sobre a Oferta de emprego público para o PAS da UVigo en 2020 (*Consello de goberno de 20 novembro 2020*).
11. Información sobre a Oferta de emprego público para PDI da UVigo en 2020 (*Consello de goberno de 20 novembro 2020*).
12. Cursos propios. Taxas e Memorias finais (*COAP 17 novembro 2020*).
13. Convenios asinados pola UVigo nos meses de setembro e outubro de 2020.
14. Rogos e preguntas.

O Pleno celebrouse de xeito telemático debido aos riscos causados pola COVID-19. Asisten como convidados a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, para intervir no punto 4 da orde do día, e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, para informar sobre o punto 11. Entrégase aos membros a relación de asistentes aos Plenos convocados en 2020, e un "Informe sobre os efectos da pandemia entre os titulados da UVigo", promovido polo Consello Social a través do Observatorio de Egresados, e remitido ao Parlamento de Galicia a petición do seu presidente para ser tratado na Comisión especial non permanente creada na Cámara galega para analizar os impactos da crise na educación superior.

O presidente agradece a participación dos asistentes.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.09.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Tras pedir desculpas polo retraso ocasionado por problemas de conexión, manifesta a intención de recuperar os plenos presenciais tan pronto sexa posible, e neste senso anticipa que a próxima sesión convocarase o día 23 de decembro ou o 29, en función da data de convocatoria do Consello de Goberno, para abordar asuntos fundamentalmente económicos.

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre os impactos da crise e as medidas que se están a adoptar pola Universidade para neutralizar no posible os seus efectos na educación superior, nun difícil equilibrio entre a formación desexable e a precaución necesaria.

Pide sacar conclusión positivas da situación, porque as universidades melloraron a identificación coas sensibilidades colectivas, e porque a sociedade é "máis consciente ca nunca de que a ciencia e a investigación non só nos melloran a vida senón que nos poden evitar perdela".

De seguido xustifica a ausencia do Reitor por compromisos ineludibles e imprevistos xurdidos nas últimas horas, recortando polo tanto o informe previsto para esta sesión.

Subliña que entre a documentación remitida neste punto inclúese copia do informe enviado dende o Consello Social ao Parlamento de Galicia, a petición do seu presidente, sobre o impacto da Covid-19 entre os titulados da UVigo. "Un pormenorizado, laborioso e revelador documento" elaborado dentro do Observatorio de Egresados, polos profesores Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, que será presentado e editado en vindeiras datas.

Finalmente agradece aos vicerreitores Manuel Ramos e Natalia Caparrini as aportacións que farán ao Pleno, dende as súas respectivas competencias.

(Neste intre, Ernesto Pedrosa perde o contacto co Pleno por unha desconexión técnica da sinal. Tras unha breve espera, o secretario apela ao artigo 16.4 do Regulamento do Consello Social, que establece a substitución en caso de ausencia do presidente. Os asistentes conveñen en que dirixa e modere a sesión o secretario, á espera de recobrar a conexión do presidente).

PUNTO 3

Informe do reitor.

Ante a ausencia de Manuel J. Reigosa, aprázase o informe para a próxima reunión.

PUNTO 4

Informe da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, sobre datos de matrícula, iniciativas e obxectivos para os seguintes cursos.

A vicerreitora Natalia Caparrini apoiase nunhas gráficas para dar conta dos resultados da matrícula do actual curso, que cualifica de especialmente positivos, tanto nos Másteres (59 títulos e un 90,2% das 1.601 prazas ofertadas que foron cubertas), como na oferta de Graos. Detalla que das 3.743 prazas ofertadas de primeira matrícula cubríronse 3.868, isto é un 103,3% (105% en Vigo, 105% en Ourense e 102% en Pontevedra), correspondendo 1.070 a mulleres e 1.798 a homes. Establece unha comparativa cos dous cursos anteriores, nos que non se cubriron todas as prazas e as porcentaxes apenas acadaron o 95%.

En canto aos datos globais, a vicerreitora sinala que o total de matriculados na UVigo (sen contar maiores, nin os cursos de especialización, nin títulos propios...) ascende a 19.827, dos que o 52% son mulleres. O 55% estuda no Campus de Vigo, correspondéndolle a Ourense o 24%, e o 21% a Pontevedra).

Non habendo preguntas neste punto, agradéceselle a Natalia Caparrini a comparecencia e a información aportada.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 5

Aprobación, se procede da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación para o curso 2020/2021.

O secretario, Ignacio Rodríguez, expón o sistema de baremación e as circunstancias concorrentes na elaboración do listado de adxudicatarios que se presenta, e a especial incidencia que teñen nesta re-adjudicación as notas dos candidatos, consonte os datos remitidos polo departamento de Bolsas da UVigo. Manuel G. Piñeiro pregunta por que non teñen acceso os doutores a estas bolsas, respondendo o secretario que non se contempla esa posibilidade na convocatoria do Ministerio.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 6

Outros asuntos. Taxas e Memorias finais de títulos propios.

Explica o secretario os acordos -basicamente taxas e memorias de títulos propios e autorización de formatos telemáticos para as actividades dos Prácticums- dos que se dá cumprida e pormenorizada conta na documentación remitida aos membros.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums para o ano 2021, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.

Resume o secretario que as variacións que se propoñen nas bases tratan de dar resposta ao novo escenario creado pola crise, no que non procede dar prioridade as actividades presenciais, nin primar na nova adjudicación de 2021 o grao de execución das axudas de 2020, tendo en conta as dificultades e a excepcionalidade coa que se atoparon durante este ano 2020 para desenvolver as actividades inicialmente previstas. Manuel G. Piñeiro transmite os seus parabéns por esta iniciativa.

- ***O Pleno aproba a convocatoria e as modificacións das bases.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da edición impresa, en galego e castelán, do estudo "Impacto laboral da primeira onda da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo". Traballo feito dentro do Observatorio de Egresados.

O secretario fai súas as palabras do director do informe, Luis Espada, para sinalar que se trata dun estudo histórico e pioneiro dentro do sistema universitario español. Elaborado dende o Observatorio de Egresados que promove o Consello Social, Ignacio Rodríguez destaca o alto valor do traballo e a conveniencia de propiciar a súa maior difusión. Manuel G. Piñeiro considera que debería pensarse se se trata dun gasto excesivo nas actuais circunstancias de necesidade, e pregúntase se non sería suficiente con colgar a publicación nas redes, sen mais. O secretario manifesta que as conclusións do estudo reportan coñecementos e datos de gran valor para a toma de decisións dentro da universidade e para a avaliación máis correcta das estratexias a seguir, porque as enquisas reflicten situacións e experiencias de gran aproveitamento contextual e global, por terse feito entre moitos egresados distribuídos por moitos países do mundo. Engade, así mesmo, que o nivel de execución do orzamento do Consello Social en 2020 é menor que en exercicios anteriores debido á pandemia, e que non queda desatendida ningunha iniciativa que poida atender situacións de necesidade. J. Manuel Vieites felicita a Luis Espada e á UVigo polo traballo feito dende o Observatorio, polo contacto cos ex-alumnos e o coñecemento que reporta, e cualifica de importante que se lle proporcione a maior difusión. Na mesma liña maniféstase Elvira Larriba.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



PUNTO 9

Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

Visto o resumo dos acordos do que dispoñen os membros, e as interpretacións engadidas polo secretario sobre aspectos que valora de maior interese.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Información sobre a Oferta de emprego público para o PAS da UVigo en 2020 (Consello de goberno de 20 novembro 2020).

Aclara o secretario que este punto tráese ao Pleno pola repercusión que puidera ter no orzamento da UVigo, e dá a palabra á xerente, Raquel M. Souto, que aporta a información e as consideracións oportunas, entre outras o informe da Consellería de Facenda autorizando á UVigo para ofertar 4 prazas de persoal de administración e servizos, 1 polo sistema de acceso libre, 1 de persoal indefinido non fixo por sentenza, e 2 prazas polo sistema de promoción interna, facendo constar asemade que o custo total derivado desta oferta de emprego está contemplado no límite de masa salarial autorizado para o ano 2020 e non ten incidencia no equilibrio económico-financeiro da universidade.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 11

Información sobre a Oferta de emprego público para PDI da UVigo en 2020 (Consello de goberno de 20 novembro 2020).

Toma a palabra o vicerreitor Manuel Ramos e explica pormenorizadamente que se convocarán o número máximo de prazas posibles tendo en conta as 32 baixas, e que serán 32 prazas de titular de universidade (cinco para investigadores), e 32 prazas de catedrático, que baleira a bolsa que había de pendentos acreditados a catedrático, pasando á normalidade nesa categoría, o que cualifica de "boa nova".

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 12

Cursos propios. Taxas e Memorias finais (COAP 17 novembro 2020).

Infórmase da incidencia detectada na Memoria final do Curso de Especialista universitario en Dirección de Loxística e Producción, no que os alumnos que asisten a módulos estruturados como cursos complementarios pagan taxas superiores ao recomendado polo Consello Social, o que si cumpren os que realizan o curso de especialista. Vistas as explicacións do director do V Curso, que argumenta que non debe ser máis barato asistir por módulos que ao curso completo de especialista, así como os antecedentes de anteriores edicións, propónse que se emita informe favorable.

- ***O Pleno dá a súa aprobación ás taxas do Curso de especialista en "Interpretación simultánea de voz e texto (III edición)", e ao Curso de Formación en "Intelixencia artificial con Deep Learning (I edición)", así como á Memoria final sinalada.***

PUNTO 13

Convenios asinados pola UVigo nos meses de setembro e outubro de 2020.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 14

Rogos e preguntas.

Agradece o secretario a xenerosidade e a axuda dos asistentes para desenvolver a sesión nas excepcionais circunstancias nas que se tivo que celebrar, así como a comprensión coa que se afrontou a anómala situación.

(Neste intre incorpórase o presidente, quen pide desculpas por non poder incorporarse antes, pese aos insistentes intentos do servizo técnico da UVigo, e súmase aos agradecementos pola colaboración prestada polos asistentes para poder concluír a sesión).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 4 de decembro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias